

DECLARACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5 de marzo de 2016

Reunidos en Santiago de Compostela con motivo da XX Conferencia dos Intergrupos parlamentarios “Paz e liberdade no Sáhara Occidental”, na sede do Parlamento de Galicia, os días 5 e 6 de marzo de 2016, reafirmamos o noso compromiso co futuro en liberdade do pobo saharauí e manifestamos o seguinte:

Trasladamos a nosa solidariedade e afecto ao pobo saharauí na celebración do 40 aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática e felicitámolo polos traballos e conclusións do XIV Congreso da Fronte Polisaria, que se celebrou o pasado mes de decembro en Dajla (campos de refuxiados) co lema “Forza, determinación e vontade para impor a independencia e a soberanía”.

Lembramos e renovamos os importantes acordos alcanzados nas anteriores conferencias de intergrupos parlamentarios e reafirmámonos nas sucesivas declaracións aprobadas, especialmente na aprobada en 2015 en Pamplona, nas que, entre outras cuestións, se facía unha reclamación inequívoca e fundamentada nas resolucións de Nacións Unidas e no máis estrito respecto ao dereito internacional do lexítimo dereito do pobo saharauí á súa autodeterminación mediante referendo, como último paso ao proceso de descolonización que persiste desde hai décadas.

Denunciamos, de novo, que a presenza marroquí no Sáhara Occidental non é legal e que non pode ter efectos xurídicos ou políticos que menoscaben o dereito do pobo saharauí á autodeterminación e independencia.

Confiamos en que a visita do secretario xeral de Nacións Unidas á zona e, en especial, aos territorios liberados (Bir Lehlu) sexa un paso máis da organización internacional para o cumprimento das resolucións.

Lembramos o traballo de distintas misións parlamentarias, nas que constatamos graves vulneracións nos territorios ocupados dos dereitos de expresión, reunión, asociación e manifestación cara á poboación saharauí, que exige que se cumpran as resolucións de Nacións Unidas e o respecto aos dereitos humanos.

Afirmamos que a Fronte Polisaria é a lexítima e única representante do pobo saharauí, así recoñecida pola ONU e a comunidade internacional.

Valoramos, como altamente positiva, a sentenza do Tribunal Europeo de Xustiza, con sede en Luxemburgo, que anulou o acordo comercial entre Bruxelas e Rabat por estender as súas vantaxes a produtos provenientes do Sáhara Occidental ao declarar que “a soberanía do Reino de Marrocos sobre o Sáhara Occidental non está recoñecida nin pola Unión Europea nin polos seus estados membros nin, de maneira máis xeral, pola ONU”.

Trasladamos o noso afecto e solidariedade aos presos de Gdeim Izik, que comezaron unha folga de fame en protesta pola súa inxusta situación e pola liberdade do pobo saharauí.

De acordo co tratado nesta Conferencia de Intergrupos parlamentarios, e no máximo nivel de existencia, acordamos:

- Constatar que o Sáhara Occidental é un territorio non autónomo sometido ao dereito internacional que nunca pertenceu ao Reino de Marrocos, e por iso exiximos que cese a ocupación ilegal do Sáhara Occidental e o exercicio do dereito do pobo saharauí á autodeterminación.
- Así mesmo, valorar como moi positivo o auto da Audiencia Nacional que se pronuncia sobre España como “potencia administrativa *de iure*” do Sáhara Occidental.
- Exixir ao Reino de Marrocos que se produza a inmediata liberación dos presos políticos e de conciencia saharauís e que cesen as violacións de dereitos humanos nas prisións que controla, garantindo a integridade física e psíquica dos presos.
- Instar as Nacións Unidas a que promova, sen máis dilación, a solución xusta e definitiva do conflito do Sáhara Occidental, solución que pasa por levar á práctica o dereito de autodeterminación do pobo saharauí mediante a celebración do referendo.
- Continuar denunciado o espolio dos recursos naturais no Sáhara Occidental por parte do Goberno de Marrocos e exixir ás empresas que operan na zona o respecto ao dereito internacional e aos dereitos da poboación saharauí.
- Reiterarnos na consideración de que, á vista de grave situación que se vive no Sáhara Occidental, a Minurso amplíe as súas funcións e os seus labores no Sáhara Occidental. Por iso, instamos as Nacións Unidas a que dote a Misión da potestade para a vixilancia e salvagarda dos dereitos humanos da poboación saharauí nos territorios ocupados.
- Seguir exixindo á Unión Europea que faga efectiva a cláusula de respecto aos dereitos humanos establecida no Acordo preferente co Reino de Marrocos.
- Felicitar a Unión Nacional de Mulleres Saharauís (UNMS) polo papel valente e decidido que desenvolven nos campos de refuxiados, e á vez facer un chamamento en relación coa situación dramática de soidade e desarraigamento das mulleres saharauís –das que a cidadanía ten unha insuficiente información–, vítimas da violación dos dereitos humanos, con especial referencia ás mulleres desaparecidas nos territorios ocupados.
- Instar as institucións públicas de España a continuar, e incrementar se cabe, o apoio solidario e humanitario tanto á poboación refuxiada nos campamentos de Tinduf coma aos habitantes saharauís dos territorios ocupados.

A Conferencia de Intergrupos , consciente da responsabilidade histórica, legal e política que o Estado español ten coa situación no Sáhara Occidental, reitera o chamamento ao Goberno de España para que:

- Exixa ao Reino de Marrocos o escrupuloso respecto aos dereitos humanos nos territorios ocupados do Sáhara Occidental e o cesamento das vulneracións de dereitos que sofre a poboación saharauí. E, así mesmo, ínstao a que traballe activamente, no seo da Unión

Europea, para que a Minurso vexa ampliadas as súas funcións tamén á vixilancia e salvagarda do cumprimento dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

- Outorgue un status diplomático á Representación da Fronte Polisaria en España, como única e lexítima representante do pobo saharauí, así recoñecida pola ONU. Así mesmo, a que se recoñeza a RASD.

- Promova as iniciativas políticas necesarias, encamiñadas a lograr unha solución xusta e definitiva en defensa do lexítimo dereito do pobo saharauí á súa autodeterminación, mediante un referendo libre e regular, como paso final ao proceso de descolonización inacabado.

- Priorice, como membro do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, as cuestións relativas ao cumprimento do Plan de Paz para o Sáhara Occidental e promova as competencias da Minurso no relativo á supervisión dos dereitos humanos na zona. E a que actúe no mesmo sentido na súa participación no Grupo de Amigos.

- Aumente a cooperación e a axuda humanitaria coa poboación saharauí, tanto nos campamentos de refuxiados coma nos territorios ocupados, ao constatar con preocupación a redución das achegas da Axencia Española de Cooperación nos últimos anos. Así mesmo, a que se incida no aumento dos fondos europeos para o S.O.

- Revise as condicións de acceso á nacionalidade española das persoas saharauís para que a poidan obter nas condicións en que se lles outorga a outros nacionais de países con convenios de nacionalidade.

Por último, a XX Conferencia de Intergrupos, en relación co papel da sociedade española, quere manifestar o seguinte:

- Convidamos os medios de comunicación a que traten o conflito do Sáhara Occidental coa mesma importancia e relevancia que lle confire a sociedade. E animamos a tantas persoas solidarias a que a través das redes sociais difundan e denuncien a situación do Sáhara Occidental.

- Constatamos a importancia en aumento que RASD Televisión, Radio Nacional Saharauí, a Axencia Saharauí de Noticias e os demais medios de comunicación teñen na difusión da situación do pobo saharauí e das súas lexítimas aspiracións.

- Comprometémonos a facilitar as relacións institucionais e políticas dos nosos parlamentos co Parlamento saharauí.

- Animamos os ámbitos universitarios, xudiciais e administrativos a seguir traballado polo esclarecemento das actuacións contra os dereitos humanos ocorridas no Sáhara Occidental.

- Expresamos o noso agradecemento ás asociacións, federacións e colectivos solidarios e sociais que traballan día a día unidos pola amizade co pobo saharauí e cuxo único fin é lograr un futuro en liberdade para o pobo irmán. Nese sentido, consideramos encomiable o traballo da Asociación Internacional de Xuristas.

Os Intergrupos parlamentarios establecemos como traballo prioritario o apoio á poboación saharauí dos territorios ocupados. Por iso, seguirán enviándose ao longo de 2016 misións de observación.

Así mesmo, facemos un chamamento aos parlamentos que aínda non renovaron o Intergrupo a que, ao longo das próximas semanas, o constitúan.

Esta Declaración de Santiago de Compostela remitiráselles ao representante do Consello de Seguridade de Nacións Unidas, ao Goberno de España, á Comisión Europea, á Delegación da Fronte Polisaria en España, ao Goberno de Marrocos, ao Congreso e Senado de España e aos parlamentos autonómicos.